



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es



<i>Rexistro</i> <i>Saída</i> <b>946</b> <b>15/10/2015</b>	<b>SEC 2015-154</b>	
<b>CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA</b>		
<b>DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE</b> <b>RUA PROGRESO Nº 32</b> <b>32003 OURENSE</b>		

Monterrei, 15 de Outubro de 2015

**Asunto: adhesión ao Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública**

Achégolle o certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 15 de outubro de 2015, sobre a adhesión desta entidade local ao convenio de referencia.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez



## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Tef. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2015-154

CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á  
INFORMACIÓN PÚBLICA

Monterrei, 15 de Outubro de 2015

**Paulino Fernández Salgado, secretario-interventor do Concello de Monterrei (Ourense),  
CERTIFICO:**

Que na sesión que se indica, e en relación co asunto que se cita, produciuse a seguinte resolución:

**14 de Outubro de 2015  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA**

### **CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

Dáse conta do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, aprobado polo Pleno da Deputación o día 25 de setembro de 2015.

O dito convenio asínase coa finalidade de garantir o pleno cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. As accións de cooperación provincial na dita materia reguladas neste convenio son as seguintes:

- a) Cooperación para o cumprimento das obrigas de publicidade activa das entidades locais, mediante a encomenda de xestión á Deputación, e realizarase a dita publicidade a través do Portal de Transparencia de Ourense.
- b) Prestación de asistencia xurídica e administrativa para a tramitación dos expedientes de solicitudes de acceso á información pública.

Estas accións terán carácter gratuito para as entidades locais adheridas.

Con base no anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a adhesión do Concello de Monterrei ao Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

Segundo. Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito convenio.

Terceiro. Designar como persoa responsable da execución do convenio a Paulino Fernández Salgado, secretario do Concello. No entanto o anterior, facúltase expresamente ao alcalde




## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, do que se dará conta ao Pleno.

E para que conste e cause os efectos oportunos, expídese esta certificación, no lugar e data arriba indicados, de orde e co visto e prace do alcalde.

V. e Pr.  
O alcalde,

  
José Luis Suárez Martínez

